

4.º Lingua Galega e Literatura / Unidade 6: Un debate

Actividade 1

Enunciado: Relaciona as palabras antónimas.

alto — pechar
abrir — curto
longo — baixo
astuto — espelido

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Relaciona correctamente a palabra co seu antónimo.	Comete un erro ao relacionar palabras co seu antónimo.	Comete tantos acertos como erros ao relacionar palabras co seu antónimo.	Comete máis erros que acertos ao relacionar palabras co seu antónimo.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece o concepto de palabra sinónima e antónima e identifica este tipo de palabras.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 2

Enunciado: Volve escribir as oracións substituindo as palabras destacadas por un sinónimo.

- Fermín é moi **áxil** e ten boas notas en ximnasia.

Activo, rápido, lixeiro.

- O meu gato é moi **medroso**, sempre escapa dos cans.

Asustadizo, covarde, medorento.

- Rosa **introduzo** as pinturas no bote.

Meteu.

- Esa rapaza é moi **bonita**.

Fermosa.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Indica correctamente palabras sinónimas a unha dada.	Indica con bastante corrección palabras sinónimas a unha dada.	Cústalle indicar correctamente palabras sinónimas a unha dada.	Non indica correctamente palabras sinónimas a unha dada.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece o concepto de palabra sinónima e antónima e identifica este tipo de palabras.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 3

Enunciado: Subliña os verbos que aparecen nestas oracións.

- Pepa merca o xornal, no quiosco, cada día cando camiña ao traballo.
- Os meus pais bailaron toda a noite cando celebraron o seu aniversario.
- Ti irás ao campionato de traíñas.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica todos os verbos presentes nas oracións.	Comete un erro ao identificar os verbos presentes nas oracións.	Comete entre dous e tres erros ao identificar os verbos presentes nas oracións.	Comete máis de tres erros ao identificar os verbos presentes nas oracións.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece o concepto de verbo.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 4

Enunciado: Analiza as formas verbais do exercicio anterior coma no exemplo.

merca: 3.^a persoa de singular do presente.

camiña: 3.^a persoa de singular do presente.

bailaron: 3.^a persoa de plural do pretérito.

celebraron: 3.^a persoa de plural do pretérito.

irás: 2.^a persoa de singular do futuro.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Analiza correctamente os verbos segundo a persoa, o número e o tempo.	Analiza de forma incorrecta un verbo segundo a persoa, o número e o tempo.	Analiza de forma incorrecta dous ou tres verbos segundo a persoa, o número e o tempo.	Analiza de forma incorrecta máis de tres verbos segundo a persoa, o número e o tempo.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Analiza os verbos segundo a persoa, o número e o tempo.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 5

Enunciado: Marca a forma correcta do verbo.

- Tito **vive**/bibe en Tui desde que se casou.
- Está **prohibido**/prohivido comer dentro do recinto.
- **Escribín**/escrivin un conto sobre animais salvaxes.
- Esa bicicleta non **serve**/serbe para as competicións.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre coñece e aplica correctamente a regra ortográfica dos verbos rematados en -vir e -bir .	Coñece e aplica con un erro a regra ortográfica dos verbos rematados en -vir e -bir .	Coñece de forma básica a regra ortográfica dos verbos rematados en -vir e -bir e comete tantos erros como acertos ao aplicala.	Non coñece a regra ortográfica dos verbos rematados en -vir e -bir ou non a aplica correctamente.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e aplica a regra ortográfica dos verbos rematados en **-vir** e **-bir**.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 6

Enunciado: Escribe os puntos suspensivos onde corresponda.

- —Por que non vas? —Non sei... é que...
- A miña nai sementou verzas, patacas, cebolas...
- A cabalo regalado...
- En Cabárceno podes ver elefantes, leóns, xirafas...

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece os usos dos puntos suspensivos e úsaos correctamente.	Coñece os usos dos puntos suspensivos e comete un erro ao usalos.	Coñece de forma básica os usos dos puntos suspensivos e comete entre dous e tres erros ao usalos.	Non coñece os usos dos puntos suspensivos nin os usa correctamente.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece os usos dos puntos suspensivos.
Usa os puntos suspensivos nos seus escritos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística
Competencia para aprender a aprender
Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 7

Enunciado: Escribe unha carta ao director dun xornal para propoñer a construción dunha biblioteca no teu barrio.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe cartas ao director con coherencia e respectando as normas ortográficas e gramaticais	Escribe cartas ao director con bastante coherencia e respectando as normas ortográficas e gramaticais	Cústalle escribir cartas ao director con coherencia e respecto ás normas ortográficas e gramaticais	Non escribe cartas ao director coherentes nin respectando as normas ortográficas e gramaticais

Estándar de aprendizaxe avaliable

Escribe unha carta ao director.

Competencias clave

Competencias en comunicación lingüística

Competencias en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 8

Enunciado: Le e escribe a idea principal e rodea a secundaria.

Algunhas actividades humanas poñen en perigo a supervivencia de moitos animais e plantas, xa que contaminan e destrúen ecosistemas de gran valor. Isto acontece, ao construír cidades, estradas...

- Idea principal: algunhas actividades humanas poñen en perigo a supervivencia de moitos animais e plantas porque contaminan e destrúen ecosistemas.
- Ideas secundarias: isto acontece, ao construír cidades, estradas...

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Le un texto e extrae correctamente a idea principal e as secundarias.	Le un texto e extrae con bastante corrección a idea principal e as secundarias.	Le un texto e cústalle extrae a idea principal e as secundarias.	Non le un texto correctamente nin extrae de forma adecuada a idea principal e as secundarias.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Le un texto coa entoación e ritmo adecuados

Localiza a información principal no texto.

Extrae a idea principal e as secundarias dun texto.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencias para aprender a aprender

Actividade 9.

Enunciado: Escribe o antónimo das seguintes palabras.

mercar **vender**

astuto **inxenuo**

longo **curto**

cedo **tarde**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o antónimo dunha palabra.	Comete un erro ao escribir os antónimos dun grupo de palabras.	Comete tantos acertos como erros ao escribir os antónimos dun grupo de palabras.	Comete máis erros que acertos ao escribir os antónimos dun grupo de palabras.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece o concepto de palabra sinónima e antónima e identifica este tipo de palabras.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 10

Enunciado: Escribe as oracións co sinónimo das palabras destacadas.

- O público **enmudeceu** de **asombro**.

O público **calou** de **abraio/admiración**.

- Brais corría moi **lixeiro** e **esnaquizou** a fiestra.

Brais **corría** moi **rápido** e **rompeu** a fiestra.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente palabras sinónimas a unha dada.	Comete un erro ao escribir os sinónimos dunhas palabras dadas.	Comete tantos erros como acertos ao escribir os sinónimos dunhas palabras dadas.	Comete máis erros que acertos ao escribir os sinónimos dunhas palabras dadas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Cofece o concepto de palabra sinónima e antónima e identifica este tipo de palabras.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 11

Enunciado: Completa a táboa.

	Sinónimos	Antónimos
Deitar	tombar, botar	erguer
Responder	contestar	calar
Mercar	comprar	vender

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Completa correctamente unha táboa con palabras sinónimas e antónimas.	Comete menos de tres erros ao completar unha táboa con palabras sinónimas e antónimas.	Comete entre tres e catro erros ao completar unha táboa con palabras sinónimas e antónimas.	Comete máis de catro erros ao completar unha táboa con palabras sinónimas e antónimas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Cofece o concepto de palabra sinónima e antónima e identifica este tipo de palabras.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 12

Enunciado: Subliña os verbos que aparecen nestas oracións.

- Pepa merca o xornal, no quiosco, cada día cando camiña ao traballo.
- Os meus viaxaron a París cando cumpriron as vodas de prata.
- Ti encargaraste da preparación da festa que se celebrará no club.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica todos os verbos presentes nas oracións.	Comete un erro ao identificar os verbos presentes nas oracións.	Comete entre dous e tres erros ao identificar os verbos presentes nas oracións.	Comete máis de tres erros ao identificar os verbos presentes nas oracións.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece o concepto de verbo.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 13

Enunciado: Analiza as formas verbais do exercicio anterior coma o exemplo.

merca: 3.^a persoa de singular do presente.

camiña: 3.^a persoa de singular do presente.

viaxaron: 3.^a persoa de plural do pretérito.

cumpriron: 3.^a persoa de plural do pretérito.

encargaraste: 2.^a persoa de singular do futuro.

celebrará: 3.^a persoa de singular do futuro.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Analiza correctamente os verbos segundo a persoa, o número e o tempo.	Analiza de forma incorrecta un verbo segundo a persoa, o número e o tempo.	Analiza de forma incorrecta dous ou tres verbos segundo a persoa, o número e o tempo.	Analiza de forma incorrecta máis de tres verbos segundo a persoa, o número e o tempo.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Analiza os verbos segundo a persoa, o número e o tempo.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 14

Enunciado: Colorea a forma correcta do verbo.

- Esa muller **vive**/bive na casa dos seus veciños.
- Prohiviron/**Prohibiron** pescar troitas no río Uma.
- O amigo de Luís escribiu/**escribiu** no taboleiro de anuncios o da excursión.
- O deporte **serve**/serbe para estar máis san.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre coñece e aplica correctamente a regra ortográfica dos verbos rematados en -vir e -bir .	Coñece e aplica con un erro a regra ortográfica dos verbos rematados en -vir e -bir .	Coñece de forma básica a regra ortográfica dos verbos rematados en -vir e -bir e comete tantos erros como acertos ao aplicala.	Non coñece a regra ortográfica dos verbos rematados en -vir e -bir ou non a aplica correctamente.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece e aplica a regra ortográfica dos verbos rematados en **-vir** e **-bir**.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 15

Enunciado: Escribe os puntos suspensivos onde corresponda.

- —Non comes? —Non me apetece, é que esta comida...
- A miña nai aprendeume a sementar, coidar as galiñas, muxir as vacas...
- Mira o ceo, gaivotas á terra...
- No parque hai bambáns, tobogáns, cabalos de xoguete...

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Coñece os usos dos puntos suspensivos e úsaos correctamente.	Coñece os usos dos puntos suspensivos e comete un erro ao usalos.	Coñece de forma básica os usos dos puntos suspensivos e comete entre dous e tres erros ao usalos.	Non coñece os usos dos puntos suspensivos nin os usa correctamente.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece os usos dos puntos suspensivos.
Usa os puntos suspensivos nos seus escritos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística
Competencia para aprender a aprender
Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 16

Enunciado: Escribe unha carta ao director dun xornal para propoñer a construción dun ximnasio para nenos na túa cidade.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe cartas ao director con coherencia e respectando as normas ortográficas e gramaticais.	Escribe cartas ao director con bastante coherencia e respectando as normas ortográficas e gramaticais.	Cústalle escribir cartas ao director con coherencia e respecto ás normas ortográficas e gramaticais.	Non escribe cartas ao director coherentes nin respectando as normas ortográficas e gramaticais.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Escribe unha carta ao director.

Competencias clave


Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 17

Enunciado: Le e escribe a idea principal e rodea a **secundaria**.

A nosa especie comparte a Terra co resto dos seres vivos. Pero algunhas actividades humanas poñen en perigo a supervivencia de moitos animais e plantas, xa **que contaminan e destrúen ecosistemas de gran valor**.



- Idea principal: **algunhas actividades humanas poñen en perigo a supervivencia de moitos animais e plantas.**
- Ideas secundarias: **a nosa especie comparte a Terra co resto dos seres vivos. Algunhas actividades humanas contaminan e destrúen ecosistemas de gran valor.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Le un texto e extrae correctamente a idea principal e as secundarias.	Le un texto e extrae con bastante corrección a idea principal e as secundarias.	Le un texto e cústalle extrae a idea principal e as secundarias.	Non le un texto correctamente nin extrae de forma adecuada a idea principal e as secundarias.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Le un texto coa entoación e ritmo adecuados
Localiza a información principal no texto.
Extrae a idea principal e as secundarias dun texto.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística
Competencias para aprender a aprender